
INVENTARIO ILUSTRADO DE ANIMAIS

Texto de VIRGINIE ALADJIDI

Ilustracións de EMMANUELLE TCHOUKRIEL

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

Encadernado en cartón. 21,5 x 30 cm. 80 páx. 18 €

Inventario ilustrado de animais (galego)

ISBN 978-84-15250-34-0. Faktoría K de Libros. Ciencias.


Inventario ilustrado de animales (castelán)

ISBN 978-84-15250-33-3. Faktoría K de Libros. Ciencias.

...Determinadas especies, como o tigre ou o chimpancé, xa comezan a escasear; outras, como o rinoceronte negro, a foca monxe ou a tartaruga de coiro, volvéronse moi escasas; e outras, como o órix, xa non se dan en estado salvaxe. Esperamos que esta obra impulse a protexelos e, de forma xeral, fomente a curiosidade e o respecto cara a estes animais tan fermosos...

“Inventario ilustrado de animais” reúne sobre un cento de exemplares de fauna representativa de todo o mundo, tanto vertebrados -mamíferos, aves, peixes, anfibios, réptiles- como invertebrados, que con máis de 60 clases, representan o 95% das especies animais. De cada un indícase o seu nome científico e común, e engádese unha descrición que acompaña a ilustración, naturalista e coloreada con acuarela.

Os animais clasifícanse xeograficamente: bosques tropicais, zonas desérticas, sabanas, montañas e bosques temperados, rexións polares, océanos, costas e ribeiras, zonas habitadas e granxas. Dende o tucán á vaca, pasando polo dromedario, o leopardo, o lobo gris, a píntega, o oso polar, o golfiño, a libélula ou o pavo real, este libro é un interesante catálogo darwiniano, para contribuir ao coñecemento do medio natural e, por tanto, á súa conservación.



-
- **Temática:** catálogo de fauna cun cento de animais de todo o mundo.
 - **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
 - **Aspectos destacables:** ilustracións naturalistas coloreadas con acuarela; cada lámina contén ilustración, nome común, nome científico e descrición; división por hábitats; outros libros relacionados: colección ‘Animais Extraordinarios’, de FAKTORÍA K.
-

Virginie Aladjidi

Durante varios anos traballou en revistas xuvenís e editoriais. Actualmente adícase a crear coleccións de libros e textos en colaboración con Caroline Pellissier. <http://virginiealadjidi.blogspot.com/>

Emmanuelle Tchoukriel

Estudou Artes Aplicadas e ampliou a súa formación no eido da comunicación visual antes de ingresar na Escola Estienne de París e de especializarse en ilustración médica e científica. <http://tchouk-tchouk.blogspot.com/>

